| 2º | LC | 2º-LCB4.4.3-Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias. | | 2 % |
| 2º | LC | 2º-LCB4.5.1-Utiliza de forma guiada, distintos programas educativos dixitais. | | 1.5 % |
| 2º | LC | 2º-LCB4.6.1-Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece. | Compara aspectos léxicos das linguas que coñece | 1.5 % |
| Bloque 5: Educación Literaria | | | | |
| 2º | LC | 2º-LCB5.1.1-Valora de forma global, textos propios da literatura infantil: contos, cancións, poesía, cómics, refráns e adiviñas | | 1.5 % |
| 2º | LC | 2º-LCB5.2.1-Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual. | | 1.5 % |
| 2º | LC | 2º-LCB5.2.2-Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións) | | 1 % |

| | | | | |
|----|----|--|---|-------|
| 2º | LC | 2º-LCB5.3.1-Valora os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas. | | 1 % |
| 2º | LC | 2º-LCB5.5.1-Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados. | | 2 % |
| 2º | LC | 2º-LCB5.6.1-Reproduce textos orais moi breves e sinxelos: cancións e poemas. | Reproduce cancións breves e sinxelas | 1.5 % |
| 2º | LC | 2º-LCB5.7.1-Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios axeitados á súa idade. | REaliza certas dramatizacións en lecturas grupais | 1 % |
| 2º | LC | 2º-LCB5.8.1-Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal. | | 1 % |

| PERFIL DE ÁREA | | | | |
|--|------|---|---|----------|
| Área: | LG | | | |
| Nivel | Área | Estándar | Grao mínimo (indicador de logro) | Peso (%) |
| Bloque 1: Comunicación oral: falar e escoitar | | | | |
| 2º | LG | 2º-LGB1.1.1-Comprende a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil. | | 1.45 % |
| 2º | LG | 2º-LGB1.1.2-Recoñece a función dos medios de comunicación como fonte de información. | | 1.45 % |
| 2º | LG | 2º-LGB1.2.1-Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante. | | 1.45 % |
| 2º | LG | 2º-LGB1.3.1-Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso. | Participa nunha conversa entre iguais atendendo ao interlocutor e contestando, se é preciso, baixo petición externa | 2 % |
| 2º | LG | 2º-LGB1.3.2-Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo e pregunta, se é preciso, para verificar a súa comprensión. | | 1.45 % |
| 2º | LG | 2º-LGB1.3.3-Elabora e produce textos orais sinxelos ante a clase e responde preguntas elementais sobre o seu contido. | | 2 % |
| 2º | LG | 2º-LGB1.3.4-Participa no traballo en grupo. | | 1.45 % |
| 2º | LG | 2º-LGB1.4.1-Atende as intervencións dos e das demais en conversas e exposicións, sen interromper. | | 1.45 % |
| 2º | LG | 2º-LGB1.4.2-Respecta as opinións da persoa que fala. | | 1 % |
| 2º | LG | 2º-LGB1.5.1-Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. | | 1 % |
| 2º | LG | 2º-LGB1.5.2-Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais. | | 1 % |
| 2º | LG | 2º-LGB1.5.3-Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela. | Utiliza a lingua galega, en ocasións con pequenos apuntes da mestra, valorando o seu uso dentro e fóra da aula. | 3 % |
| 2º | LG | 2º-LGB1.5.4-Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral. | | 1 % |
| 2º | LG | 2º-LGB1.5.5-Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese, unha actitude receptiva de escoita e respecta as opinións das demais persoas. | | 2 % |
| 2º | LG | 2º-LGB1.5.6-Participa na conversa formulando e contestando preguntas. | | 1.45 % |

| | | | | |
|---|----|--|---|--------|
| 2º | LG | 2º-LGB1.6.1-Usa fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda. | Usa fórmulas para saudar, felicitar, escusarse ou solicitar axuda | 1.45 % |
| 2º | LG | 2º-LGB1.7.1-Amosa respecto ás achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo. | | 1.45 % |
| 2º | LG | 2º-LGB1.8.1-Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación axeitada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega. | | 1.45 % |
| 2º | LG | 2º-LGB1.9.1-Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente. | | 1 % |
| 2º | LG | 2º-LGB1.9.2-Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial ás referentes ao xénero, ás razas e ás etnias. | | 1.45 % |
| 2º | LG | 2º-LGB1.10.1-Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación... | | 1 % |
| 2º | LG | 2º-LGB1.10.2-Recoñece a validez da lingua galega para conversar con persoas coñecidas ou descoñecidas. | | 1.45 % |
| Bloque 2: Comunicación escrita: ler | | | | |
| 2º | LG | 2º-LGB2.1.1-Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación. | | 1.45 % |
| 2º | LG | 2º-LGB2.1.2-Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas. | | 2 % |
| 2º | LG | 2º-LGB2.1.3-Localiza información en textos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións). | | 2 % |
| 2º | LG | 2º-LGB2.2.1-Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións. | | 1.45 % |
| 2º | LG | 2º-LGB2.3.1-Descodifica de forma axeitada na lectura de textos diversos. | | 3 % |
| 2º | LG | 2º-LGB2.3.2-Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada. | | 2 % |
| 2º | LG | 2º-LGB2.3.3-Fai lecturas dramatizadas de textos. | | 1 % |
| 2º | LG | 2º-LGB2.4.1-Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora. | Usa os libros da biblioteca de aula que otorgue a mestra debido a imposibilidade de manipular a biblioteca. | 1 % |
| 2º | LG | 2º-LGB2.4.2-Coñece, de xeito xeral, o funcionamento da biblioteca de aula e de centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos | | 1 % |
| 2º | LG | 2º-LGB2.5.1-Coida, conserva e organiza os seus libros. | | 1 % |
| 2º | LG | 2º-LGB2.6.1-Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e de lecer. | | 1.45 % |
| 2º | LG | 2º-LGB2.7.1-Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias. | | 1.45 % |
| 2º | LG | 2º-LGB2.7.2-Explica dun xeito moi sinxelo as súas preferencias lectoras. | | 1 % |
| Bloque 3: Comunicación escrita: escribir | | | | |
| 2º | LG | 2º-LGB3.1.1-Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos. | Produce textos relativos a situacións cotiás a partir dun modelo | 1.45 % |
| 2º | LG | 2º-LGB3.1.2-Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo. | Elabora textos con coherencia e sentido. | 3 % |
| 2º | LG | 2º-LGB3.1.3-Usa nos seus escritos o punto, a coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación. | Usa nos seus escritos o punto, os signos de interrogación e os de exclamación. | 3 % |

| | | | | |
|--|----|---|---|--------|
| 2º | LG | 2º-LGB3.1.4-Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas. | | 2 % |
| 2º | LG | 2º-LGB3.1.5-Compón, seguindo modelos, textos relacionados coa escola (listaxes, descrições e explicacións elementais) ou cos medios de comunicación social (novas sinxelas, titulares, pés de foto) sobre acontecementos próximo á súa experiencia. | | 1.45 % |
| 2º | LG | 2º-LGB3.2.1-Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic. | Elabora cómics | 1.45 % |
| 2º | LG | 2º-LGB3.3.1-Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto. | Usa os programas de procesamento de texto en caso de período de docencia non presencial debido á imposibilidade de manipular os medios tecnolóxicos da aula | 1 % |
| 2º | LG | 2º-LGB3.4.1-Illustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido. | | 1.45 % |
| 2º | LG | 2º-LGB3.5.1-Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica. | | 1.45 % |
| 2º | LG | 2º-LGB3.5.2-Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. | | 1 % |
| Bloque 4: Coñecemento da lingua | | | | |
| 2º | LG | 2º-LGB4.1.1-Sinala a denominación dos textos traballados e reconece nestes, enunciados, palabras e sílabas. | | 1.45 % |
| 2º | LG | 2º-LGB4.1.2-Diferencia as sílabas que conforman cada palabra. | | 3 % |
| 2º | LG | 2º-LGB4.1.3-Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases ou textos. | Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras ou frases. | 3 % |
| 2º | LG | 2º-LGB4.1.4-Sinala o xénero e número de palabras dadas | | 2 % |
| 2º | LG | 2º-LGB4.2.1-Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas. | | 1.45 % |
| 2º | LG | 2º-LGB4.3.1-Recoñece a relación entre son e grafía. | | 2 % |
| 2º | LG | 2º-LGB4.3.2-Identifica as palabras como instrumento para a segmentación da escritura. | Identifica e emprega a segmentación de palabras | 1.45 % |
| 2º | LG | 2º-LGB4.4.1-Recoñece, de forma xeral, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita. | | 1.45 % |
| 2º | LG | 2º-LGB4.5.1-Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece. | Compara aspectos léxicos das linguas que coñece | 1.45 % |
| Bloque 5: Educación literaria | | | | |
| 2º | LG | 2º-LGB5.1.1-Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos. | | 1.45 % |
| 2º | LG | 2º-LGB5.1.2-Valora os textos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. | | 1.45 % |
| 2º | LG | 2º-LGB5.2.1-Le de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora | | 1.45 % |
| 2º | LG | 2º-LGB5.2.2-Le, de forma guiada, textos en voz alta, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora. | | 3 % |
| 2º | LG | 2º-LGB5.3.1-Recrea e compón poemas sinxelos e relatos breves, a partir de modelos sinxelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas. | REcrea poemas sinxelos a partir de modelos dados | 1.45 % |

| | | | | |
|----|----|--|--|--------|
| 2º | LG | 2º-LGB5.4.1-Participa en dramatizacións de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade. | | 1.45 % |
| 2º | LG | 2º-LGB5.5.1-Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, e como recurso de gozo persoal. | | 1.45 % |
| 2º | LG | 2º-LGB5.6.1-Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural. | | 1.45 % |

| PERFIL DE ÁREA | | | | |
|---|------|---|--|----------|
| Área: | | MT | | |
| Nivel | Área | Estándar | Grao mínimo (indicador de logro) | Peso (%) |
| Bloque 1: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas | | | | |
| 2º | MT | 2º-MTB1.1.1-Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema. | | 3.78 % |
| 2º | MT | 2º-MTB1.2.1-Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas. | | 1 % |
| 2º | MT | 2º-MTB1.3.1-Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas. | Utiliza medios tecnolóxicos para a comprensión de cómo resolver un problema | 1 % |
| Bloque 2: Números | | | | |
| 2º | MT | 2º-MTB2.1.1-Le, escribe e ordena números ata o 999. | | 6 % |
| 2º | MT | 2º-MTB2.1.2-Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais. | | 4 % |
| 2º | MT | 2º-MTB2.1.3-Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes | Realiza series ata con guía do salto | 4 % |
| 2º | MT | 2º-MTB2.2.1-Utiliza os números ordinais en contextos reais. | | 3.78 % |
| 2º | MT | 2º-MTB2.2.2-Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999. | | 2 % |
| 2º | MT | 2º-MTB2.2.3-Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. | | 4 % |
| 2º | MT | 2º-MTB2.2.4-Identifica os números pares e os impares. | | 3.78 % |
| 2º | MT | 2º-MTB2.3.1- Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados. | | 5 % |
| 2º | MT | 2º-MTB2.3.2-Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados. | Realiza cálculos coa operación da multiplicación pudiendo recorrer á consulta das táboas | 5 % |
| 2º | MT | 2º-MTB2.3.3-Resolve operacións con cálculo mental. | Resolve operacións de cálculo mental con números de dúas cifras | 2 % |
| 2º | MT | 2º-MTB2.4.1-Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados. | Resolve os problemas dos contidos traballados a partir de palabras clave moi evidentes | 5 % |
| 2º | MT | 2º-MTB2.4.2-Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto. | Reflexiona sobre o procedemento coa axuda e guía externa | 2 % |
| Bloque 3: Medida | | | | |
| 2º | MT | 2º-MTB3.1.1-Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude. | | 3.78 % |

| | | | | |
|--|----|---|--|--------|
| 2º | MT | 2º-MTB3.2.1-Coñece e utiliza o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso. | | 3.78 % |
| 2º | MT | 2º-MTB3.3.1-Coñece e utiliza o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade | | 3.78 % |
| 2º | MT | 2º-MTB3.4.1-Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos) | Le a hora en relox analóxico | 3.78 % |
| 2º | MT | 2º-MTB3.4.2-Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais axeitadas e as súas relación. | | 2 % |
| 2º | MT | 2º-MTB3.5.1-Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas. | Coñece a función das moedas e os billetes de uso común | 4 % |
| 2º | MT | 2º-MTB3.6.1-Resolve problemas sinxelos de medida. | | 2 % |
| 2º | MT | 2º-MTB3.6.2-Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados. | Reflexiona coa guía e axuda externa | 1 % |
| Bloque 4: Xeometría | | | | |
| 2º | MT | 2º-MTB4.1.1-Completa figuras partindo do seu eixe de simetría. | Completa figuras moi simples a partir do seu eixo de simetría | 3 % |
| 2º | MT | 2º-MTB4.2.1-Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato. | | 3.78 % |
| 2º | MT | 2º-MTB4.3.1-Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato. | | 3.78 % |
| 2º | MT | 2º-MTB4.4.1-Realiza e interpreta esbozos de itinerarios sinxelos. | Interpreta esbozos de itinerarios moi sinxelos | 1 % |
| 2º | MT | 2º-MTB4.5.1-Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados. | | 2 % |
| 2º | MT | 2º-MTB4.5.2-Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto. | Reflexiona coa axuda e guía externa | 2 % |
| Bloque 5: Estatística e probabilidade | | | | |
| 2º | MT | 2º-MTB5.1.1-Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas. | Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas moi visuais | 3 % |
| 2º | MT | 2º-MTB5.1.2-Resolve problemas contextuais nos que interveñen a lectura de gráficos. | Resolve, con axuda na interpretación, problemas de lectura de gráficos | 3 % |
| 2º | MT | 2º-MTB5.2.1-Diferenza o concepto de suceso seguro, suceso posible e suceso imposible. | Identifica os sucesos imposibles | 2 % |

| PERFIL DE ÁREA | | | | |
|--|------|--|----------------------------------|----------|
| Área: | | EP | | |
| Nivel | Área | Estándar | Grao mínimo (indicador de logro) | Peso (%) |
| Bloque 1: Educación audiovisual | | | | |
| 2º | EP | 2º-EPB1.1.1-Describe e identifica as calidades e as características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial. | | 3.5 % |
| 2º | EP | 2º-EPB1.2.1-Usa termos sinxelos e adecuados para comentar as obras plásticas observadas. | | 3.5 % |

| | | | | |
|--------------------------------------|----|--|---|-------|
| 2º | EP | 2º-EPB1.2.2-Describe con termos propios da linguaxe as características de feitos artísticos e os seus creadores presentes no contorno. | Identifica características dos autores nas súas obras | 3.5 % |
| 2º | EP | 2º-EPB1.3.1-Realiza debuxos e coloreas con diferentes tonalidades. | | 6 % |
| 2º | EP | 2º-EPB1.3.2-Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores e texturas. | | 5 % |
| 2º | EP | 2º-EPB1.4.1-Identifica diferentes formas de representación do espazo. | | 3.5 % |
| 2º | EP | 2º-EPB1.4.2-Representa de diferentes maneiras o espazo. | | 3.5 % |
| 2º | EP | 2º-EPB1.5.1-Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc. | | 7 % |
| Bloque 2: Expresión artística | | | | |
| 2º | EP | 2º-EPB2.1.1-Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as cores. | | 5 % |
| 2º | EP | 2º-EPB2.1.2-Realiza correctamente mesturas de cores primarias. | | 5 % |
| 2º | EP | 2º-EPB2.1.3-Clasifica e ordena as cores primarias (maxenta, cian e amarelo) e secundarias (verde, violeta e vermello) no círculo cromático, e utilízalas con sentido nas súas obras. | Identifica as diferentes cores e as emprega nas súas obras | 3.5 % |
| 2º | EP | 2º-EPB2.1.4-Coñece a simboloxía das cores frías e cálidas, e aplica estes coñecementos para transmitir diferentes sensacións nas composicións plásticas que realiza. | Identifica algunhas cores frías e cálidas e as aplica nas súas obras baixo petición | 3.5 % |
| 2º | EP | 2º-EPB2.2.1-Utiliza o punto, a liña e o plano ao representar o entorno próximo e o imaxinario. | | 3.5 % |
| 2º | EP | 2º-EPB2.2.2-Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social. | | 3.5 % |
| 2º | EP | 2º-EPB2.3.1-Practica con precisión o recorte e o encartado para crear obras bidimensionais e tridimensionais. | | 3.5 % |
| 2º | EP | 2º-EPB2.3.2-Utiliza a técnica de colaxe para realizar unha obra persoal con limpeza e precisión. | | 5 % |
| 2º | EP | 2º-EPB2.4.1-Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos. | | 5 % |
| 2º | EP | 2º-EPB2.4.2-Emprega ferramentas básicas do debuxo (regla e escuadro) para realizar diferentes formas xeométricas. | Emprega a regra, con axuda, para realizar formas xeométricas | 3.5 % |
| 2º | EP | 2º-EPB2.4.3-Manexa a cuadrícula para respectar as proporcións das formas. | | 3.5 % |
| 2º | EP | 2º-EPB2.5.1-Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes. | | 6 % |
| 2º | EP | 2º-EPB2.6.1-Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual. | | 3.5 % |
| 2º | EP | 2º-EPB2.6.2-Deseña sinxelas creacións plásticas despois de recoller información por medios audiovisuais. | | 3.5 % |
| 2º | EP | 2º-EPB2.7.1-Coida o material e respecta as normas preestablecidas. | | 3.5 % |
| 2º | EP | 2º-EPB2.8.1-Amosa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo. | | 3.5 % |

| PERFIL DE ÁREA | | | | |
|---|------|---|---|----------|
| Área: | | VSC | | |
| Nivel | Área | Estándar | Grao mínimo (indicador de logro) | Peso (%) |
| Bloque 1: A identidade e a dignidade da persoa | | | | |
| 2º | VSC | 2º-VSCB1.1.1-Recoñece e describe verbalmente os seus estados de ánimo en composicións libres. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB1.2.1-Detecta en si mesmo/a sentimentos negativos e emprega estratexias sinxelas para transformalos. | Detecta en sí mesmo sentimentos negativos e pide axuda para transformalos | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB1.2.2-Motívase mediante estratexias sinxelas de pensamento en voz alta durante o traballo individual e grupal. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB1.2.3-Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB1.2.4-Expresa, respondendo a preguntas de persoas adultas, os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB1.3.1-Asume as súas responsabilidades durante a colaboración. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB1.3.2-Realiza, respondendo a preguntas de persoas adultas, unha autoavaliación responsable da execución das tarefas. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB1.4.1-Utiliza o pensamento creativo na formulación de propostas de actuación. | Fai propostas de actuación ante determinadas situacións | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB1.4.2-Toma iniciativas de actuación durante a colaboración. | Asume responsabilidades en tarefas de colaboración | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB1.5.1-Participa con interese na resolución de problemas escolares. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB1.5.2-Define e formula claramente problemas de convivencia. | Identifica problemas de convivencia | 2.5 % |
| Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais | | | | |
| 2º | VSC | 2º-VSCB2.1.1-Expresar con claridade sentimentos e emocións. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB2.1.2-Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais para expresar opinións, sentimentos e emocións. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB2.1.3-Emprega a linguaxe para comunicar afectos e emocións con amabilidade. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB2.2.1-Emprega a linguaxe positiva. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB2.3.1-Emprega diferentes habilidades sociais básicas. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB2.4.1-Identifica distintas maneiras de ser e actuar. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB2.4.2-Identifica necesidades dos compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB2.5.1-Forma parte activa das dinámicas do grupo. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB2.5.2-Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua. | | 2.5 % |

| Bloque 3: A convivencia e os valores sociais | | | | |
|---|-----|--|--|-------|
| 2º | VSC | 2º-VSCB3.1.1-Establece relacións de confianza cos iguais e as persoas adultas. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB3.1.2-Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB3.2.1-Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB3.2.2-Respecta as regras durante o traballo en equipo. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB3.3.1-Coñece e enumera as normas da aula. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB3.3.2-Pon en práctica procesos de razoamento sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes coas normas de convivencia escolares. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB3.3.3-Participa na elaboración das normas da aula | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB3.3.4-Respecta as normas do centro escolar. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB3.4.1-Resolve problemas persoais da vida escolar mantendo unha independencia adecuada á súa idade. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB3.4.2-Escoita as razón das persoas coas que entra en conflito, compréndelas, na medida das súas posibilidades e exponas oralmente. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB3.4.3-Identifica as emocións e os sentimentos das partes en conflito. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB3.4.4-Explica conflitos, causas e as súas posibles solucións, tendo en conta os sentimentos básicos das partes. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB3.5.1-Representa plasticamente a necesidade da alimentación, a vivenda e o xogo para os nenos e as nenas. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB3.5.2-Explica as consecuencias para os nenos e para as nenas dunha mala alimentación, a falta de vivenda digna e a imposibilidade de xogar. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB3.5.3-Respecta a igualdade de dereitos dos nenos e das nenas no xogo e no emprego dos xoguetes. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB3.6.1-Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB3.6.2-Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB3.7.1-Valora a importancia do coidado do corpo e a saúde e de previr accidentes domésticos. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB3.7.2-Razoa as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida. | | 2.5 % |
| 2º | VSC | 2º-VSCB3.7.3-Expresa as medidas preventivas dos accidentes domésticos máis frecuentes. | | 2.5 % |

As porcentaxes son aplicables só en caso de que se poidan impartir todos os estándares de aprendizaxe e na avaliación. Para o resto das avaliacións, axustarase a porcentaxe ao número de estándares que se traballenno trimestres.

VIII. Avaliación

a. Procedementos e instrumentos en presencial e non presencial

Presencial: Durante o período presencial empregaremos diversos procedementos e instrumentos de avaliación que nos permitan ter coñecemento do que o alumnado coñece, domina e sabe facer. Así:

- ◆ **Procedementos:** observación sistemática, análise das producións do alumnado, intercambios orais e análise das probas orais ou escritas.
- ◆ **Intrumentos:** listas de control, rúbrica, escala de estimación, cadernos de clase, probas escritas, producións orais do alumnado, probas obxectivas.

Non presencial: Durante o período non presencial valorarase a realización das tarefas diarias, a boa execución das mesmas e o cumprimento dos tempos establecidos para a súa entrega. Tamén poderanse realizar actividades interactivas (cuestionarios, preguntas de escolla múltiple, verdadeira/falso...) que sexan as probas obxectivas.

Sempre se terá en conta todo o traballo desenvolto durante o período presencial e complementarase co traballado no non presencial.

a. Criterios de cualificación

Terase en conta tanto aspectos curriculares como de comportamento e actitude. Así:

- **Probas orais ou escritas 40%:** aprendizaxe dos contidos, coherencia e adecuación, estratexias de organización, valoración do proceso seguido e do resultado, valoración do tempo investido; orde, limpeza e boa caligrafía.
- **Traballo diario 40%:** Grao de autonomía na realización, tempo invertido, adquisición das aprendizaxes básicas, boa presentación, revisión do traballo antes de entregalo, traballo no caderno, implicación nas tarefas, destrezas técnicas, participación e seguimento das clases, etc.
- **Aspectos actitudinais 20%:** esforzo, implicación nas tarefas, grao de motivación, responsabilidade, respecto por toda a comunidade educativa e polas normas de aula e centro. Iniciativa, comunicación cos compañeiros, resolución pacífica de conflitos, actitude cooperativa, respecto dos espazos e materiais.

b. Criterios de promoción:

O alumnado promocionará ao curso seguinte se ten superados os mínimos esixibles para cada unha das asignaturas e, asemade, ten aprobadas as áreas de Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas. No caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, a súa promoción será valorada individualmente. Dita valoración será levada a cabo polo equipo de mestres que atende a ese neno/a, en colaboración co Departamento de Orientación.

IX. Metodoloxía

a. Presencial

Neste segundo curso de educación primaria, levarase a cabo unha metodoloxía o máis activa posible, dadas as circunstancias. Trataremos de levar a cabo actividades que esperten o interese e curiosidade do alumnado para captar a súa atención e favorecer unha aprendizaxe significativa. Para isto, a maiores da realización de actividades sobre o material funxible empregaranse actividades interactivas grazas á pizarra dixital. Para o emprego da pizarra dixital, proxectaranse as actividades e as mestras farán as propostas ao alumnado quen responderá a viva voz e será a mestra a que manipule o rato e/ou teclado. Se nalgún caso concreto deséxase dar ese protagonismo ao alumnado, será de xeito individual coas medidas de separación e desinfección oportunas.

A maior parte das tarefas que antes asumía o alumnado “encargado” serán tamén traspasadas ás mestras para evitar posibles fontes de contaxio e deambulación innecesaria do alumnado pola aula. Porén, en todo momento trataremos de facer partícipe ao alumnado mediante xogos verbais, debates, conversas,... para atender igualmente a súas necesidades de socialización e benestar psicoemocional.

O material que se vai a empregar cada día vai a estar previamente disposto nunha mesa auxiliar en cada un dos grupos de traballo estables dentro do gran grupo burbulla. Tamén disporán dos útiles de traballo en estoxos ou recipientes individuais para evitar que o compartan ou que manipulen o que non lles corresponde. Será a mestra quen, previa desinfección, faga o reparto diario para que cadaquén dispoña del de xeito individualizado.

En canto aos xogos, empregaranse unicamente aqueles que sexan susceptibles de ser desinfectados con total seguridade e soamente poderán ser empregados por unha persoa

cada día pasando a un período de corentena ata o seu próximo uso. Aínda que a premisa será optar por xogos que minimicen ao máximo ao risco ou eviten o contacto. Ex: bola de plastilina individual en bolsa con nome.

No relativo ao tempo de recreo, cada grupo clase estará disposto na zona que lles corresponda esa semana coas precaucións oportunas. Durante a merenda, e posto que retirarán as máscaras para o consumo dos alimentos, aseguraremos a distancia de 1.5m. No tempo restante, optaremos por xogos grupais que permitan a interacción co mínimo contacto. Ex:zapatíño quedo está. Coa supervisión constante das mestras de garda para lembrar as normas derivadas da situación COVID na que nos atopamos.

No referente á práctica diaria, trataremos de facer unha mestura en actividades individuais/grupais e de execución en material funxible ou sobre medios electrónicos e/ou manipulativos. Existirá a posibilidade de levar deberes para reforzar as aprendizaxes previamente explicadas na aula, de ser así, marcaranse un xoves para entregar o luns.

b. Non presencial

En caso de ter que desenvolver unha ensinanza non presencial, trataremos de favorecer unha fonte de comunicación útil e significativa para o alumnado e as familias adaptándonos ás súas necesidades e circunstancias particulares. A priori, optaremos polo emprego dun blogue aínda que valorarase a posibilidade o emprego da aula virtual como ferramenta para colgar as tarefas e actividades e manter o contacto co alumnado. A opción que escollamos será a que resulte máis cómoda e útil para o alumnado e as familias. Porase a disposición das familias o correo electrónico o envío das tarefas.

Ana 2º A: anagrapi@gmail.com

Sabela 2º B: sabela.casal@hotmail.es

Todo vai depender da celeridade coa que se produza o confinamento. Se observamos que se fai arduo e/ou as familias non son quen de manexar as ferramentas propostas como primeira opción, daremos unha alternativa viable e útil.

Valorarase a posibilidade de empregar o TELEGRAM como ferramenta de comunicación en 2º B e Whatsapp en 2º A.

En caso de dispoñibilidade horaria e necesidade, existe a posibilidade de realizar videoconferencias a través da plataforma CISCO WEBEX para favorecer un intercambio en tempo real co alumnado e satisfacer as súas necesidades psicoemocionais e académicas.

Para aqueles nenos/as que non asistan durante un tempo prolongado por enfermidade, illamento preventivo ou corentena marcaránselle tarefas/deberes para recuperar o que non traballaron durante ese tempo.

Respecto ao alumnado que carece de medios informáticos ou de conexión a internet para acceder ás actividades, poñeríamonos en contacto co departamento de Orientación para acordar unha vía para facerlles chegar o material e que poidan recibir as propostas semanais e seguir o ritmo das clases.

X. Ensinanzas transversais

Durante o presente curso escolar, traballaremos en todas áreas e diferentes momentos que o alumnado pase no centro, unha educación de ensinanzas transversais tanto por unha razón social, porque a normativa educativa (LOMCE e Decreto105/2014) así o fan constar e porque a pedagogía actual remarca un desenvolvemento harmónico de todo o alumnado. Estes son:

- **Educación moral e cívica:** Procurarase que todo o alumnado participe activamente nas prácticas escolares, fomentando a colaboración, o respecto polas normas e polas diferentes crenzas ou opinións, a autonomía e a toma de decisións, o sentimento solidario a través de distintas iniciativas, comprendendo e respectando as normas dos xogos e empregando o diálogo como medio de resolución de conflitos.
- **Educación para la paz:** Favorecerase en todo momento o respecto pola interculturalidade, a multiculturalidade comprendendo a súa riqueza e

apreciando os valores culturais ou costumes. Valorar o legado histórico e empregalo como medio de aprendizaxe e ter como premisa fundamental o diálogo como ferramenta de unión e resolución pacífica de conflitos.

- **Educación para a saúde:** fomentaranse hábitos de vida saudable como rutina para favorecer a automatización das normas que sirvan de prevención fronte ao COVID19 e unha educación a través das materias propias (ex: Ciencias da natureza) pero tamén no resto das áreas e momentos escolares: boa alimentación, descanso, autocoñecemento do corpo, etc.
- **Educación non sexista:** empregaranse en todo momento unha linguaxe coeducativa e inclusiva respectando en todo momento os dereitos de igualdade de todo o alumnado con independencia do seu sexo e/ou autoidentificación. Tomarase como base a *Lei 7/2004, del 16 de Xullo, para a igualdade de homes e mulleres así como o Protocolo de Identidade de Xénero*. Trataremos de conseguir unha visión do mundo libre entre o alumnado, libre de estereotipos sexista e rexeitando calquera discriminación por razóns de sexo. Na aula podemos traballar o reparto igualitario de tarefas ou reflexionar sobre as profesións, libres de estereotipos.
- **Educación ambiental:** fomentárase o respecto e coidade pola conservación do medio ambiente a través de hábitos de reciclaxe e/ou aforro da auga na escola. Así mesmo, reflexionaremos sobre a importancia de responsabilizarnos e coidar aos animais e resto de seres vivos que forman o ecosistema e valorar as pegadas do ser humano na natureza co fin de repensar sobre as nosas propias accións.
- **Educación viaria:** Existirán unidades específicas nas áreas para traballar tanto elementos que forman parte da vía pública como normas de comportamento tanto como peóns como automóbiles e demais medios de transporte.

- **Educación para o consumidor:** Trataremos de reflexionar sobre o consumo e as compras de útiles necesarios e indispensables tratando de reducir o consumo irreflexivo e excesivo. Tamén trataremos de inculcar un afán de reciclaxe tanto de materiais como de enerxías, dando unha segunda vida ou modificando os hábitos por enerxías renovables. A través da comprensión lectora, iniciáremos na análise crítico - construtiva da publicidade.
- **Educación para o ocio:** Realizaremos un abano amplo de actividades, dentro do que permitan as circunstancias, para satisfacer os aspectos emocionais e persoais do alumnado dende unha perspectiva lúdica.
- **Educación para a convivencia:** Este ano máis que nunca o cumprimento das normas será vital para unha convivencia sana e harmónica entre toda a comunidade educativa. Trataremos de trasladar a filosofía de respecto mutuo, solidariedade, ausencia de conflitos e a correspondente toma de medidas cando o primeiro se quebrante.

XI. Materiais, recursos e espazos

Este ano o curso terá que someterse a unha serie de cambios para coidar a saúde por riba de todo. Debido ao protocolo COVID19, o uso de: materiais, recursos e espazos, distará moito da normalidade á que estamos afeitas.

Os espazos limitaranse a **aula ordinaria, aula de relixión e patio**. Todas as materias (agás Relixión e Educación Física) desenvolveranse na aula ordinaria para evitar o desprazamento innecesario do alumnado e reducir o risco de contaxio. O patio de recreo empregarase como Ximnasio para impartir a materia de Educación Física, sempre que a meteoroloxía acompañe e favorecer así a súa práctica ao aire libre. No caso de relixión, a súa aula de referencia con postos estables e fixos para o alumnado.

Na **aula**, o alumnado disporá do seu **material de xeito individual e diferenciado** e non poderá manipular os elementos da aula sen a supervisión e correcta desinfección por parte da mestra. É dicir, a autonomía que ata o de agora estaba trasladada ao alumnado (coller os materiais/útiles para Educación Plástica, reparto de libros, manipulación da

pizarra dixital...) verase moi afectada así como a deambulaci3n "libre" pola aula para por exemplo o emprego da biblioteca. Agora en todo momento a mestra chamara un por un para manipular a pizarra e desinfectar, previa e posteriormente, os 3tiles empregados.

O alumnado usuario de comedor poder3a empregalo nun posto estable e fixo e preto do seu grupo burbulla, grupo estable de referencia e uso de ba3os e corredores tam3n estar3a suxeito a un protocolo con direccionalidade na deambulaci3n e percorrido estable.

Materiais e recursos did3cticos:

- Recursos educativos: Internet, xogos interactivos.
- Ordenador de aula.
- Proxector, pizarra dixital.
- Biblioteca do centro e de aula (con supervisi3n, aforo e desinfecci3n)
- Materiais manipulativos (nos postos individuais ex: plastilina, paus abn).
- Materiais curriculares:
 - ✓ Libros de texto.
 - ✓ Fichas de ampliaci3n e reforzo.
 - ✓ Cadernos de traballo
- Materiais funxibles: ceras, acuarelas, rotuladores... de uso exclusivo e individual.

XII. Atenci3n 3 diversidade

Entendemos por diversidade as diferenzas individuais referidas a: capacidades, intereses, motivaci3n, experiencias anteriores, modos de aprender ou estilos de aprendizaxe, medio social no que se desenvolven... A atenci3n 3 diversidade non se centra s3 en factores individuais nin cognitivos, sen3n tam3n no actitudinal e procedimental. Por iso intentamos dar resposta 3 realidade cambiante do noso contexto educativo, de acordo 3 evoluci3n social e econ3mica da zona. Atender 3 nosa diversidade non quere dicir s3 que lexitimemos a desigualdade sen3n que a entendemos como enriquecemento, xa que as diferenzas son percibidas como tales, nunca como d3ficits. A calidade do ensino 3 a capacidade que ten a escola para ofrecer e prop3ner un

deseño e unha práctica educativa axeitados á diversidade de capacidades, intereses, motivacións,...con unha axeitada dotación de medios materiais e humanos.

Tendo en conta esta premisa, atenderemos á diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumnos e alumnas e, para iso, empregaremos as medidas máis convenientes, segundo os casos, tales como:

- Dentro do grupo ordinario: aprendizaxe cooperativo sen contacto, actividades de reforzo, ampliación, traballo individual, ensino titorado, apoios de mestras do mesmo nivel ou especialistas (PT/AL).
- Traballo ocasional fóra do grupo ordinario. contamos con apoio por parte do profesorado especialista (PT e AL) fóra da aula para un traballo específico co alumnado que presente NEAE ex: dislalias.

En todo momento existirá unha coordinación e comunicación co Departamento de Orientación para desenvolver a mellor intervención en cada caso particular.

XIII. Plans e proxectos

Dende cada aula, contribuiremos ao alcance dos obxectivos propostos nos plans e proxectos do centro. Así:

- ◆ **Plan TIC:** Trataremos de desenvolver actividades que permitan un manexo das novas tecnoloxías, con competencias e estratexias autónomas e resolutivas. Concretamente afondaremos no manexo da aula virtual e o emprego da pizarra dixital. Estas propostas complementaranse coas ofrecidas polas diferentes editoriais e xogos/actividades interactivas que xurdan no curso.
- ◆ **Plan Lector:** A lectura será un pilar fundamental a desenvolver nas diferentes áreas e momentos escolares. Acadar unha boa competencia lectora, comprensión e habilidades de expresión escrita será un obxectivo primordial ao que contribuiremos cos tempos de lectura, uso da biblioteca de aula, deseño de textos, etc.
- ◆ **Plan de Convivencia:** Neste documento, que engloba a toda a comunidade educativa, trátase de acadar un adecuado clima no centro. Para iso, en todo momento trataremos de inculcar boas prácticas e actitudes de convivencia,

respecto, resolución pacífica de conflitos e cumprimento das normas establecidas.

- ◆ **Proxecto lingüístico:** Contribuiremos ao fomento e respecto pola nosa propia lingua, o Galego, no día a día con debates, conversas, análise de situación da lingua, lecturas, actividades de escrita nas datas sinaladas, xogos, etc.

XIV. Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares quedan suspendidas no presente curso debido á situación de emerxencia/ pandemia mundial na que nos atopamos do COVID19. Sen embargo, en función da evolución valorarase a pertinencia de realizar pequenas saídas polo entorno inmediato para coñecer/recoñecer elementos da localidade e/ou realizar algunhas clases ao aire libre.

Agora ben, todas as datas de obrigada conmemoración (aínda que non inclúan unha celebración/festexo de todo o centro) terán o seu lugar na nosa programación e un tratamento especial.

XV. Indicadores de logro da programación didáctica

| ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA | | RESULTADOS | PROPOSTAS DE MELLORA |
|--|--|------------|----------------------|
| Preparación da clase e dos materiais didácticos | Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases. | | |
| | Existe unha distribución temporal equilibrada. | | |
| | O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo. | | |
| Utilización dunha metodoloxía axeitada | Tivéronse en conta aprendizaxes significativas. Considérase a interdisciplinabilidade (en actividades, tratamento dos contidos, etc.). | | |
| | A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a. | | |
| Regulación da práctica docente | Grao de seguimento do alumnado. | | |
| | Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes. | | |
| | Os criterios de promoción están acordados entre o profesorado. | | |
| Avaliación das aprendizaxes e información que deles se dá aos alumnos e ás familias | Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos. | | |
| | Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe. | | |
| | Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas. | | |
| | Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer ao alumnado e ás familias. | | |
| Utilización de medidas para a atención á diversidade | Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe. | | |
| | Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe. | | |
| | As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes. | | |
| | Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes | | |